

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 8 de abril de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2009.

A Orde do 13 de febreiro de 2009 (DOG nº 34, do 18 de febreiro), establece na súa disposición adicional cuarta que se poderán efectuar resolucións complementarias no caso de que haxa incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma, que deberán provir de transferencias, incorporacións, ampliacións, remanentes ou xeracións de crédito.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 13 de febreiro de 2009, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 13 de febreiro de 2009, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

16.03.323B.471.0 polo importe de 16.981.054,47 euros; código proxecto 200600481.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2009.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

Orde do 8 de abril de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2009, convocadas pola Orde do 11 de decembro de 2008.

A Orde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 245, do 18 de decembro), establece na súa disposición

adicional cuarta que se poderán ditar resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado ou doutros remanentes dos módulos.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 11 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 11 de decembro de 2008, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

Aplicación	Proxecto	Importe (€)
16.03.323A.471.0	200901008	2.653.840,20
16.03.323A.481.0	200901008	3.225.385,68
16.03.323A.440.0	200700645	42.925,17
16.03.323A.439.0	200700645	70.000,00
16.03.323A.460.1	200901008	2.376.738,13

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2009.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

**ACADEMIA GALEGA
DE SEGURIDADE PÚBLICA**

Resolución do 1 de abril de 2009 pola que se convocan oito cursos de segundo nivel sobre prevención e loita contra incendios urbanos e forestais.

Dentro das actividades programadas para o ano 2009, e conforme as funcións atribuídas pola